



CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expte: 197/2125

ANUNCIO: VEHÍCULO PRESUNTAMENTE ABANDONADO

De conformidade co disposto no artigo 106.1 do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, e unha vez resultou infrutuosa a notificación persoal á titular do vehículo que se relaciona a continuación, procédese á publicación do presente anuncio.

Concédese á persoa titular ou a quen acredite suficientemente a propiedade do vehículo un prazo de **un (1) mes**, contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, para comparecer no expediente e reclamar o automóbil.

O turismo atópase depositado no **Depósito Municipal de Vehículos do Concello de Vigo**, situado na rúa Barxa do Covelo, nº 4, portal 2, soto -2, Vigo (Pontevedra), correspondéndose co **expediente de notificación nº 1/2025**.

Expediente	Matrícula	Marca e modelo	Titular
1/2025	3687 KST	PEUGEOT 208 SP TECH	Cristina Lozoya Rodríguez

Advírtese que, transcorrido o prazo anteriormente indicado sen que o vehículo sexa reclamado pola persoa titular ou por quen acredite o seu dereito sobre el, poderá acordarse a súa consideración como vehículo abandonado e ordenarase o seu traslado a un centro autorizado de tratamento de vehículos para a súa descontaminación e destrución, de conformidade coa normativa vixente.

Así mesmo, cando concorran os requisitos legalmente establecidos, poderá acordarse a substitución do tratamento residual do vehículo pola súa adxudicación aos servizos de vixilancia e control do tráfico, nos termos previstos na lexislación aplicable.

O intendente xefe da Policía Local de Vigo, Alberto Carballo Acuña

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (en virtude da Resolución da Alcaldía de 25/09/2025, BOPPO núm. 186, do 30 de setembro de 2025 e do Acordo da Xunta de Goberno Local de 07/11/2025, BOPPO núm. 217, do 12 de novembro de 2025) – Patricia Rodriguez Calviño.

